



# BOP

MIÉRCOLES, 25 DE MARZO DE 2015

Nº 068

## DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. AUGAS DE GALICIA ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA - CENTRO

##### *Anuncio*

Josefa García Castiñeira, con DNI 33784396H e enderezo no lugar da Cancela - Augasantas, solicita de Augas de Galicia a autorización de obras no lugar de A Fonte, parroquia de Augas Santas (San Xurxo), concello de Palas de Rei (Lugo). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.46648

Solicita autorización para realizar un camiño na parcela 92 do polígono 75 do concello de Palas de Rei, lugar de Chancela, como servidume de paso cara a parcela 85 do mesmo polígono. O camiño terá 3m de ancho, unha lonxitude de 70m e realizarase con material seleccionado. Para o acceso dende o camiño público realizarase unha rampla e instalarse un paso salvagabias de diámetro 400mm.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Palas de Rei ou nas oficinas deste servizo, situadas na Rúa Tomiño, 16 baixo, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2014.- O xefe do servizo territorial, Ángel Gómez Rey

R. 1118

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

Resolución do 26 de maio de 2010 do Departamento Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no Concello de Viveiro (Nº expte: IN407A 2009-2-7498-AT)

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

-Solicitante: SOGASERSO SA

-Domicilio Social: PARQUE TECNOLÓGICO DE GALICIA, 32900, SAN CIBRAO DAS VIÑAS, OURENSE

-Denominación: CT DE 250 KVA CON LMTS

-Situación: CONCELLO DE VIVEIRO

-Características Técnicas:

.LMTS baixo tuvo a 20 kv. con orixe nunha celda de liña ubicada no CT 8147 Polideportivo propiedade de BEGASA e final no CT proyectado, cunha lonxitude de 250 m en conductor tipo RHZ-150.

.CT en edificio non prefabricado, cunha potencia de 250 kva e unha relación de transformación de 20.000/400-230 V.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalación de enerxía eléctrica, este departamento territorial **resolve**:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 26 de maio de 2010.- O xefe territorial, José Manuel Vázquez Leirado

R. 1096

---

## XEFACTURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

### *Anuncio*

D. José Luís Eimil Castro, en calidade de representante da Asociación de Cazadores As Louseiras solicita a segregación do Tecor Rio Ladra, LU-10223 de 212,91 Ha de fincas de particulares e MVMC, na parroquia de Insúa (Villalba) para a posterior ampliación dos mesmos predios ao Tecor As Louseiras, LU-10024.

O que se fai público para xeral coñecemento co fin de que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo de **UN MES**, desde a súa publicación no BOP.

Lugo, de marzo de 2015.- O Xefe Territorial, Carlos Vila Pérez

R. 1119

---

### *Anuncio*

D. José Luís Eimil Castro, en representación da Asociación de Cazadores "As Louseiras", solicita:

- A ampicación do Tecor societario LU-10024 "As Louseiras" con 316,618 Ha da parroquia de Pígara no concello de Guitiriz, correspondentes a fincas de particulares que na actualidade están ubicadas nunha zona de réxime cinxético común.

O que se fai público para xeral coñecemento co fin de que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo de UN MES, desde a súa publicación no BOP.

Lugo, 9 de marzo de 2015.- O Xefe Territorial, Carlos Vila Pérez

R. 1120

---

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ÁREA DE EMPREGO, ECONOMÍA SOSTIBLE E DEMOGRAFÍA

### *Anuncio*

### **PROXECTO "TERMALISMO NO CAMIÑO 2015"**

A Deputación de Lugo ten como un dos seus obxectivos principais a posta en valor do medio ambiente e os seus recursos naturais, a sensibilización ambiental de habitantes e visitantes, o turismo de calidade, a mellora da eficiencia enerxética e a procura dun modelo económico sostible dende o punto de vista ambiental.

Neste ámbito, a Deputación de Lugo pretende integrar o coidado da saúde dentro da oferta de actuacións relacionadas co medio ambiente na nosa provincia. Para levar a cabo este obxectivo faise necesario o deseño dunha estratexia que permita impulsar e promocionar o produto no mercado, concibindo efectivamente o coidado da saúde como un obxectivo vinculado ós cidadáns da provincia.

Neste sentido, o proxecto "Termalismo no Camiño" que levou a cabo a Deputación de Lugo en anos anteriores tivo unha gran acollida por parte da poboación, o que motiva a continuidade do devandito proxecto neste ano 2015, contribuíndo unha vez máis ó coidado da saúde dos nosos cidadáns mediante a utilización dos recursos do noso medio ambiente nos entornos das distintas rutas e itinerarios dos Camiños de Santiago, así como o apoio e consolidación dos balnearios da nosa provincia, conseguindo deste xeito reforzar o apoio da

Deputación á consolidación e incremento de postos de traballo e, por ende, ao mantemento da poboación no medio rural.

O coidado da saúde é un tipo de actuación enfocada a un grupo de persoas que se trasladan en busca de tranquilidade, repouso e benestar tanto físico como mental, co obxecto de reducir tensións, mellorar a calidade de vida, previr enfermidades, adquirir novos hábitos e efectuar tratamentos, constituíndo unha modalidade de actividade medioambiental alternativa: “O coidado da Saúde”. Este produto pódese ofertar en Balnearios que, estando dotados dos medios axeitados, empreguen as augas mineromedicinais declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde.

Unha vez concibido o produto “coidado da saúde”, faise necesario o seu lanzamento e difusión cara ao mercado, tarefa que debe ser executada a través dunha campaña de comunicación e de promoción en toda a provincia. Os obxectivos que se pretenden alcanzar son, entre outros, os seguintes:

1. Posicionar o produto “coidado da saúde” dentro da oferta de actividades medioambientais da provincia de Lugo.
2. Difundir as potencialidades que posúe a provincia con respecto a esta modalidade de oferta.
3. Establecer mecanismos de asociación e traballo conxunto entre as distintas entidades que ofrecen o produto “coidado da saúde”.

Tendo en conta o anterior, co proxecto “Termalismo no Camiño” preténdese tamén ofrecer unha dimensión cultural e medioambiental, dando difusión dos Camiños a Santiago, concretamente o Camiño Primitivo, o Camiño Francés, o Camiño de Inverno, o Camiño Norte e os Camiño do Mar, brindando a posibilidade de coñecer máis polo miúdo toda a riqueza e os recursos naturais, culturais e paisaxísticos que ofrecen os Camiños, e polo tanto propiciando un crecemento económico das zonas que atravesan dando lugar a un incremento no turismo e facilitando o benestar social dos habitantes, así como un crecemento económico da provincia aportando emprego de xeito puntual, así como un potencial incremento de poboación que incidirá nun maior consumo nos establecementos situados nos pobos lucenses.

O “coidado da saúde” non se asocia só a tratamentos específicos para a terceira idade. Os servizos básicos e complementarios que se ofrecen son utilizados por diversos grupos etarios, sen estar exclusiva ou necesariamente orientados a tratar algunha enfermidade ou doenza en particular, senón incorporando tamén o aspecto preventivo e co obxecto de mellorar a calidade de vida en xeral.

En base ao anterior, dende a Excm. Deputación Provincial de Lugo convocase o proxecto “Termalismo no Camiño 2015” que se refire á convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para seleccionar ás entidades colaboradoras e á convocatoria para seleccionar ás persoas físicas que poderán participar como beneficiarios/as no proxecto.

Bases da convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para seleccionar ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios do proxecto de promoción de emprego e economía sostible: “Termalismo no camiño 2015”

## **1. Obxecto**

O obxectivo do proxecto “Termalismo no Camiño 2015” é potenciar os recursos destinados á saúde co fin de conseguir un desenvolvemento económico sostible, dentro do respecto e coidado ao medio ambiente, que faciliten a fixación de poboación na nosa provincia. Este proxecto permitirá un crecemento sostible, a través do fomento, respecto á protección ao medio ambiente, que derivará nunha maior fixación de poboación na provincia de Lugo.

## **FASE 1: BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA A SELECCIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS DO PROXECTO “TERMALISMO NO CAMIÑO 2015”**

### **1. Requisitos de adhesión ao proxecto**

As entidades que queiran participar neste proxecto “Termalismo no Camiño 2015”, deberán ofertar aos usuarios os produtos descritos nos seguintes bloques de actuacións:

#### **Bloque A:**

1. Deberán ofertar estanzas de 6 días con 5 noites, dende a resolución da presente convocatoria ata o 31 de decembro 2015.
2. As estanzas comprenderán 5 pensións completas.
3. Con carácter xeral o domingo será o día de entrada, tendo o servizo de cea e aloxamento incluído; o día de saída será o venres, tendo ese día o último servizo de almorzo e xantar.
4. Con carácter xeral deberán ofertar a cada beneficiario do proxecto “Termalismo no Camiño 2015” 8 técnicas de saúde por estanza.
5. Deberán ofertar un recoñecemento médico á chegada para cada un dos beneficiarios do proxecto “Termalismo no Camiño 2015”.
6. As entidades disporán dun programa de animación sociocultural de luns a xoves ambos inclusive.
7. As entidades deberán garantir asistencia no caso de que os beneficiarios teñan problemas de mobilidade ou incapacidade para poder manexarse por si mesmos no uso das instalacións (especialmente no relativo ó acceso as piscinas e habitacións)

8. O establecemento termal deberá ofrecer un programa de atención para persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial. Estes poderán disfrutar dun entorno adaptado, ademais de favorecer o descanso de familiares e cuidadores. Estará enfocado a persoas con discapacidade que estean ou non integradas en algunha asociación ou centro ( de maneira autónoma ou con acompañante que lles asista nas actividades da vida cotiá). Os requisitos que deberán cumprir serán os de acreditar un grao de minusvalía igual ou superior ó 33% e un informe médico favorable para poder disfrutar das técnicas termais.
9. Deberán ofrecer a posibilidade de que calquera participante do proxecto “Termalismo no Camiño 2015” poda volver a participar no mesmo, sempre e cando existan prazas sen cubrir e disposición nas entidades adheridas ao proxecto “Termalismo no Camiño”. En último termo, os novos solicitantes sempre terán prioridade sobre estes.
10. Deberán ofrecer aos usuarios a posibilidade de prolongar a súa estadia no balneario tras rematar a súa estanza. Neste caso a entidade comprometerase a ter cos beneficiarios deste programa un prezo especial, tendo en conta que o disfrute da mesma non estará subvencionado pola Deputación de Lugo.
11. Deberán indicar de xeito expreso e en calquera tipo de soporte que colaboran co proxecto “Termalismo no Camiño 2015”, promovido pola Deputación de Lugo. Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actividade e funcións conveniadas, incorporaranse os “Logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo para o que é preciso solicitalo ó Gabinete de Comunicación do ente provincial.

As entidades participantes comparecerán, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación no Pazo Provincial ou de xeito descentralizado, a cal será convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren con posterioridade.

As entidades autorizan, coa súa participación , á Deputación Provincial de Lugo, a comunicar e difundir polos medios ou canles que considere axeitado á colaboración estipulada no proxecto “TERMALISMO NO CAMIÑO 2015”.

**As entidades adheridas ao proxecto “Termalismo no Camiño 2015” deben ofrecer os produtos descritos no Bloque A por un prezo total máximo que en ningún caso poderá superar os 250 €.**

#### **Bloque B:**

Deben ofrecer a posibilidade de que os beneficiarios do proxecto “Termalismo no Camiño 2015” poidan optar por recibir unicamente as 20 técnicas terapéuticas durante dez días, sen necesidade de estancia na entidade adherida. Neste caso o importe a pagar polo beneficiario non contará co financiamento da Deputación.

**A Deputación valorará a oferta de desconto feita por parte das entidades adheridas, sobre o produto descrito no Bloque B.**

#### **2. Prazo para a presentación de solicitudes de adhesión das entidades**

O prazo para a presentación de propostas por parte das entidades interesadas será de 15 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

#### **3. Elección dunha “Entidade Directora”**

Entre os establecementos adheridos elixirán unha “Entidade Directora”, e dentro desta, designarase unha persoa responsable da xestión das solicitudes que estará en contacto coa Área de Emprego, Economía sostible e Demografía da Deputación de Lugo para a boa xestión deste proxecto.

No caso de que non exista acordo na elección da “Entidade Directora”, desempeñará tales funcións a que oferte máis prazas ao programa.

#### **4. Presentación e formalización de solicitudes de adhesión**

##### **1. Solicitantes**

Poderán adherirse a este proxecto as entidades privadas que teñan como actividade principal o desenvolvemento dunha actividade orientada ao “coidado da saúde” que se pode ofertar en Balnearios que, estando dotados dos medios axeitados, empreguen as augas mineromedicinais declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, segundo se establece no artigo 22 da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

##### **2. Presentación de solicitudes**

As entidades interesadas en adherirse ao proxecto “Termalismo no Camiño 2015” presentarán orixinal da documentación requirida en cada caso preferentemente no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo ou en calquera dos Rexistros e oficinas ás que fai referencia o artigo 38.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, xunto coa documentación técnica esixible en cada caso.

##### **3. Documentación requirida**

Deberase presentar debidamente cumprimentado o formulario-solicitud de adhesión (Anexo I) xunto coa documentación administrativa e a técnica esixible.

### Documentación administrativa

A documentación administrativa que deberá presentarse é:

1. Solicitude de adhesión segundo modelo establecido.
2. Copia compulsada de Tarxeta de Identificación Fiscal.
3. Licenza para a realización de actividade.
4. Certificados acreditativos de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social , así como aportar declaración responsable de cumprir os requisitos fixados no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións e de que non concorre circunstancia excluinte da obtención da condición de beneficiario ou entidade colaboradora (Anexo IV):

“Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta Lei as persoas ou entidades nas cales concorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

- a) Ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Ter solicitado a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Ter dado lugar, por causa da que tivesen sido declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato asinado coa Administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social imposta polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non acharse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- h) Ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións conforme a esta ou outras leis que así o establezan.
- i) Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 11 desta Lei cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
- j) As prohibicións de obter subvencións afectarán tamén a aquelas empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas que tivesen concorrido aquelas.”

A presentación das solicitudes supón a aceptación das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas fixados nelas.

A concorrencia a este procedemento implica a manifestación tácita de consentemento inequívoco ao tratamento de datos de carácter personal e a súa publicación consonte co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter personal será a estrictamente a xestión, tramitación e xustificacións dos expedientes de axudas. En calquera caso resulta de aplicación a previsión contida no Art. 6 da devandita L.O. 15/1999, do 13 de decembro.

### Documentación Técnica

A documentación técnica que deberá presentarse en papel e en formato electrónico é:

1. Memoria descritiva das actuacións levadas a cabo pola entidade no último ano, indicando, de ser o caso, o detalle do número de aloxamentos cos que conta a entidade e prezos segundo a estación, no último ano, indicando o número medio de persoas aloxadas segundo a estación, no último ano.
2. Número de prazas que ofertan no programa “Termalismo no Camiño” neste ano 2015 (este será estimativo); incluíranse os prezos e o tipo de técnicas que serán aplicadas, tendo en conta o Bloque 1 e Bloque 2.
3. Memoria descritiva para garantir asistencia ós beneficiarios que teñan problemas de mobilidade ou incapacidade para poder manexarse por se mesmos no uso das instalacións.
4. Memoria descritiva enfocada a persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.
5. Equipo de traballo

6. Descrición das instalacións.
7. Produtos para os que ofrece promoción, e proposta económica.

### **5. Instrución das solicitudes de adhesión**

A Deputación de Lugo realizará de oficio os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deba formularse a proposta de resolución.

No caso de que a documentación estivera incompleta, a Comisión de Valoración constituída ao efecto, requirirá ás entidades proponentes, ao fin de que, no prazo de 10 días, a acheguen, advertindo que, en caso contrario, se procederá ao arquivo do expediente, sen que se suspenda a adhesión das entidades que fixeran a súa solicitude correctamente.

### **6. Comisión de Valoración**

Unha vez revisadas as solicitudes de adhesión e feitas as emendas procedentes e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñerase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de 10 días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e as xustificacións que consideren pertinentes. Poderá prescindirse deste trámite cando non figuren no procedemento nin que se vaian a ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instructor formulará a proposta de resolución, que elevará ao órgano competente para resolver. Nesta fase procedimental, o órgano instructor constituirase nunha Comisión de Valoración que terá a seguinte estrutura:

**Presidente/a:** un funcionario da Deputación.

**Vogais:** Dous funcionarios da Deputación que se designen para tal fin.

**Secretario:** O Secretario Xeral da Deputación.

Os devantidos membros poden delegar a súa representación nas persoas que consideren. A Comisión poderá estar asistida por expertos técnicos.

Corresponde á Comisión de Valoración formular a proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar os solicitantes que terán a condición de entidade colaboradora.

En canto ao funcionamento da Comisión de valoración aplicarase o previsto nos Artigos 22 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro e as disposicións de concordante aplicación da Lei 7/2007, pola que se aproba o Estatuto Básico do empregado público.

### **7.- Resolución e notificación**

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo é o órgano competente para resolver o procedemento de selección de solicitudes de adhesión ao proxecto "Termalismo no Camiño 2015".

O prazo máximo para resolver será de dous meses, contados a partir do día da conclusión do prazo establecido na convocatoria para presentar as solicitudes e o silencio da administración terá carácter desestimatorio.

A resolución da convocatoria será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ou poderá ser consultada polos interesados no taboleiro de anuncios da Deputación que estará a disposición dos interesados no enderezo: San Marcos, 8 (27001) Lugo. Tamén poderá ser consultada a través da páxina web: [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org).

### **8. Convenio de colaboración coas entidades adheridas**

As entidades seleccionadas asinarán un convenio de adhesión coa Deputación de Lugo no prazo máximo de dez días a contar desde o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución de carácter estimatorio. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade seleccionada asine o convenio, entenderase que renuncia á condición de entidade adherida ao proxecto "Termalismo no Camiño 2015".

### **9. Prazo de execución do Programa "Termalismo no Camiño 2015"**

O prazo de execución de este programa será como máximo ata o 31 de decembro de 2015. Se con anterioridade a esta data se esgotase o crédito, esta entidade poderá optar, ben por dar por finalizado o programa, ben por incorporar crédito no caso de que éste estivera dispoñible.

A contía do programa "Termalismo no Camiño 2015" será de 72.000 €.

## **FASE 2: BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA A SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS DO PROXECTO "TERMALISMO NO CAMIÑO"**

### **1. Requisitos para poder ser usuario do proxecto "Termalismo no Camiño 2015"**

Para optar a esta convocatoria, en calidade de usuario dos produtos ofertados, serán necesarios os seguintes requisitos, que deberán cumprirse á data de peche do prazo de presentación de solicitudes:

1. O solicitante titular deberá cumprir os requisitos de estar empadroadado nalgún dos concellos da provincia de Lugo e ser maior de 50 anos cumpridos no momento de efectuar a solicitude.

2. O solicitante titular, poderá participar cun acompañante que non cumpra os requisitos contemplados no parágrafo anterior.

3. O solicitante titular e, no seu caso, o acompañante deberán reunir todos os requisitos para obter a condición de beneficiario de acordo coa Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións (Anexo V).

Os anteriores requisitos deberán cumprirse no momento da presentación das solicitudes.

## **2. Achega da Deputación de Lugo ao proxecto “Termalismo no Camiño 2015”**

Sobre o importe a cobrar a cada beneficiario do proxecto a Deputación de Lugo aplicará un desconto fixo de 60,00 € por usuario, independentemente do prezo ofertado pola entidade adherida ao proxecto.

O pagamento ás entidades adheridas por parte da Deputación Provincial de Lugo efectuarase previa presentación da factura emitida a este organismo polo importe a aboar correspondente a 60,00€ (IVE engadido) por estancia e usuario, a cal deberá ser conformada pola Área de Emprego, Economía Sostible e Demografía e remitida a Intervención da Deputación de Lugo para proceder ao seu pagamento, acompañada dos correspondentes certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, ademais dunha relación de beneficiarios xunto co exemplar do bono orixinal correspondente a dita estancia.

## **3. Prazas ofertadas**

O número de prazas ofertadas no proxecto “Termalismo no Camiño 2015” é de 1.200. Estas poderán ser incrementadas como consecuencia de posible incorporación de remanentes dispoñibles.

## **4. Presentación das solicitudes e prazo**

A solicitude, xunto coa documentación adicional requirida, presentarse conforme ao modelo oficial que figura nos anexos, dirixíndoa ao Ilmo. Sr. Presidente da Deputación de Lugo e presentándoa, preferentemente no Rexistro Xeral da Deputación ou ben por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92 de 26 de novembro e a lei 4/99 de modificación da anterior, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

O prazo para presentar a solicitude será o que se publique no Boletín Oficial da Provincia e en medios de comunicación social.

Existen impresos normalizados establecidos ó efecto que poderán obter por medios electrónicos na páxina principal da web da Deputación Provincial de Lugo ([www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)).

Tamén os terá á súa disposición Área de Emprego, Economía Sostible e Demografía da Deputación de Lugo

## **5. Documentación a achegar en cada solicitude**

Toda a documentación deberá ser achegada en soporte orixinal ou copia autenticada, compulsada ou cotexada.

1. A solicitude deberá achegarse no modelo normalizado (Anexo II) e deberá ser acompañada por fotocopia do DNI ou NIF do interesado, ou documento que regulamentariamente o substitúa.
2. Na solicitude será necesario cumprimentar un teléfono de contacto (fixo ou móbil) e un correo electrónico.
3. Declaración responsable do solicitante que acredite o requisito de estar empadroadado nalgún dos concellos da provincia de Lugo (Anexo III).

\*A Deputación de Lugo, poderá, se así o considera necesario, solicitar a documentación ao interesado e realizar as comprobacións e verificacións que considere oportunas acerca dos datos e documentos presentados polos solicitantes.

Para que o interesado poida exercer o seu dereito a obter copia selada da solicitude e documentos que entregue, deberá achegar unha copia de dita solicitude e documentos orixinais, ao obxecto de que se lle devolva co selo do rexistro de entrada da oficina de Rexistro.

A presentación das solicitudes supón a aceptación das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas fixados nelas.

A concorrencia a este procedemento implica a manifestación tácita de consentemento inequívoco ao tratamento de datos de carácter personal e a súa publicación consonte co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter personal será a estrictamente a xestión, tramitación e xustificacións dos expedientes de axudas. En calquera caso resulta de aplicación a previsión contida no Art. 6 da devandita L.O. 15/1999, do 13 de decembro.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter personal será a estrictamente a xestión, tramitación e xustificacións dos expedientes de axudas. En calquera caso resulta de aplicación a previsión contida no Art. 6 da devandita L.O. 15/1999, do 13 de decembro.

## **6. Aprobación das solicitudes.**

Recibidas as solicitudes no Rexistro da Deputación, a Área de Emprego, Economía Sostible e Demografía da Deputación de Lugo será quen procederá a revisar as solicitudes e maila documentación presentada. No caso de

estar incompleta, conter erros ou non achegar toda a documentación requirida, poderase reclamar aos solicitantes que emenden os defectos apreciados, de conformidade ao artigo 71 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común, outorgándolles un prazo de dez días, dende a notificación do requirimento, con indicación de que se transcorridos estes días sen que se efectúe a emenda, procederase ao arquivo da mesma.

A selección dos beneficiarios farase atendendo ao rigoroso orde de presentación das solicitudes e finalizará ao esgotar as 1.200 prazas previstas para a execución do proxecto "Termalismo no Camiño 2015". A relación de beneficiarios deberá ser aprobada por Resolución de Presidencia desta entidade e será obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios da Deputación de Lugo.

#### **. Selección de beneficiarios**

O Servizo de Relacións Institucionais da Deputación de Lugo recollerá todas as solicitudes e remitirá a entidade nomeada como "Entidade Directora" copia das mesmas acompañada dunha relación, para que efectúe os trámites necesarios para cursar as peticións recibidas.

A "Entidade Directora", establecerá contacto cos interesados e coas demais entidades e trasladará á Área de Emprego, Economía Sostible e Demografía da Deputación de Lugo a relación de pre-reserva das prazas efectuadas. Dende a recepción das copias das solicitudes por parte da "Entidade Directora" ata a finalización desta última tramitación non poderán transcorrer máis de dez días.

Finalmente, a Área de Emprego, Economía Sostible e Demografía da Deputación de Lugo contactará co interesado/a ao efecto de comunicarlle a obrigatoriedade de recibir no propio Servizo o orixinal do bono correspondente, único documento que acredita a reserva definitiva.

O orixinal deste bono, en data previa á da admisión, será recollido exclusivamente polo titular da solicitude ou polo acompañante que figure na solicitude, presentando, en todo caso, o orixinal do seu DNI ou NIF.

#### **8. Renuncia de beneficiarios**

No caso de que o interesado renuncie á praza outorgada nalgunha das entidades adheridas ao proxecto "Termalismo no Camiño 2015" deberá comunicalo por escrito no prazo de 10 días contados a partir da notificación do outorgamento. De non presentarse a renuncia no prazo establecido será motivo de exclusión directa para novas solicitudes. Os beneficiarios non poderán volver a optar a novas solicitudes deste programa, salvo que a renuncia se xustifique axeitadamente (problemas de saúde, familiares...).

#### **9. Réxime de recursos**

Contra a indicada resolución, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo dos cales os interesados poderán exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, perante o mesmo órgano que adoptou a resolución. No caso de desestimación por silencio o prazo será de tres meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produzan os efectos do acto administrativo.
2. Directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, computado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución. No caso do silencio administrativo o prazo será de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.

#### **10. Normativa de aplicación**

A presente convocatoria rexerese polas normas específicas contidas nesta resolución e nas súas correspondentes bases e, en concreto, está baseada nas normas que se citan a continuación:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
2. Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia
3. Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
4. Bases de Execución do orzamento para a anualidade 2014 e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da resolución.
5. Lei 30/1992 de 26 de novembro e a Lei 4/1999 de modificación da anterior, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
6. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Autorízase ao órgano competente da Deputación para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde e o inicio da presente convocatoria.

As disposicións aquí contidas entrarán en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincial de Lugo.

En Lugo, a 23 DE MARZO DE 2015.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.



**ANEXO I****SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO PROXECTO “TERMALISMO NO CAMIÑO 2015”**

<b>DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO/A SOLICITANTE</b>			
APELIDOS E NOME		NIF/NIE	
CARGO DA ENTIDADE QUE REPRESENTA			
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
MUNICIPIO	PROVINCIA	C.P.	TELÉFONO
ENDEREZO ELECTRÓNICO			

<b>DATOS DA ENTIDADE</b>			
ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO SOCIAL			
MUNICIPIO	PROVINCIA	C.P.	TELÉFONO

<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA</b>
<u>Documentación administrativa</u>
<p>Copia compulsada da Tarxeta de Identificación Fiscal.          Licenza para a realización de actividade.          Certificados acreditativos de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social</p>
<u>Documentación Técnica</u>
<p>Memoria descritiva das actuacións levadas a cabo pola entidade no último ano, indicando, de ser o caso, o detalle do número de prazas cos que conta a entidade, prezos segundo a estación, e número medio de persoas aloxadas no último ano,          Memoria descritiva para garantir asistencia ós beneficiarios que teñan problemas de mobilidade ou incapacidade para poder manexarse por se mesmos no uso das instalacións.          Memoria descritiva enfocada a persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.          Equipo de traballo.          Descrición das instalacións.          Productos que ofrece, promocións e proposta económica</p>

<b>ACEPTACIÓN DA ADHESIÓN AO PROXECTO “TERMALISMO NO CAMIÑO 2015”</b>
Lin e acepto as condición de adhesión.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asinado: \_\_\_\_\_

Os datos de carácter persoal contados no impreso poderán ser incluídos nun ficheiro para o seu tratamento pola Deputación de Lugo, en uso das función propias que ten atribuídas no ámbito das súas competencias, podendo dirixirse a calquera órgano da mesma para executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, segundo o disposto na lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección e datos de carácter persoal (BOE núm. 298, de 14 de decembro de 1999)

## ANEXO II

### SOLICITUDE DE PRAZAS NO PROGRAMA “TERMALISMO NO CAMIÑO 2015”

#### DATOS DO SOLICITANTE TITULAR

NOME	APELIDOS	NIF
CONCELLO ONDE SE ENCONTRA EMPADROADO A DATA DE HOXE	ESTADO CIVIL	DATA NACEMENTO DE

#### DATOS DO SOLICITANTE ACOMPAÑANTE

NOME	APELIDOS	NIF
CONCELLO ONDE SE ENCONTRA EMPADROADO A DATA DE HOXE	ESTADO CIVIL	DATA NACEMENTO DE

#### DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO	LOCALIDADE
CONCELLO	PROVINCIA
TELÉFONO MÓVIL/FIXO	CÓDIGO POSTAL
	CORREO ELECTRÓNICO @

#### ESTANCIA E TÉCNICAS TERMAIS

INDIQUE AS EMPRESAS DE SAÚDE POR ORDEN DE PREFERENCIA	INDIQUE OS MESES POR ORDEN DE PREFERENCIA
1.	1.
2.	2.

#### TÉCNICAS TERMAIS SEN ESTANCIA

INDIQUE AS EMPRESAS DE SAÚDE POR ORDEN DE PREFERENCIA	INDIQUE OS MESES POR ORDEN DE PREFERENCIA
1.	1.
2.	2.

DESEXA PROLONGAR A SÚA ESTADÍA NO BALNEARIO	SI	NON
---	----	-----

\* (Marcar cun X, a casíña correspondente)

O SOLICITANTE TITULAR E ACOMPAÑANTE DECLARAN QUE TODOS OS DATOS QUE CONSTAN NESTA SOLICITUDE SON CERTOS. ASÍ COMO AS DECLARACIÓNS XURADAS QUE SE XUNTAN, ACEPTANDO AS CONDICIÓNS DO PROGRAMA TERMALISMO NO CAMIÑO NO QUE DESEXA PARTICIPAR. SERÁ IMPRESCINDIBLE PRESENTAR FOTOCOPIA DO DNI OU NIF DE AMBOS SOLICITANTES E DECLARACIÓN RESPONSABLE QUE ACREDITE O EMPADROAMENTO

DECLARACIÓN DO SOLICITANTE TITULAR  
D/DNA.

CON DNI

Declaro baixo a miña responsabilidade que:

SI NON

1º.- Que me vallo por min mesmo para as actividades da vida cotiá		
-No caso de contestar que non, coa axuda da persoa que me acompaña podo desenvolver as actividades da vida cotiá.		
2º.- Presento alteracións do comportamento que impidan a convivencia nos establecementos		
3º.- padezco enfermidades contaxiosas		
4º.- presento problemas de mobilidade ou incapacidade para valerme por min mesmo		
5º.- presento unha discapacidade física, psíquica ou sensorial superior o 33%		

Asdo. (Nome e apelidos e sinatura titular)

DECLARACIÓN DO SOLICITANTE ACOMPAÑANTE  
D/DNA.

CON DNI

Declaro baixo a miña responsabilidade que:

SI NON

1º.- Que me vallo por min mesmo para as actividades da vida cotiá		
-No caso de contestar que non, coa axuda da persoa que me acompaña podó desenvolver as actividades da vida cotiá.		
2º.- Presento alteracións do comportamento que impidan a convivencia nos establecementos		
3º.- padezco enfermidades infecto contaxiosas		

Asdo. (Nome e apelidos e sinatura titular)

NO CASO DE RESULTAR SELECCIONADO COMO PARTICIPANTE DO PROGRAMA “TERMALISMO NO CAMIÑO”, A DEPUTACIÓN FACILITARALLE UN BONO QUE LLE ACREDITARÁ COMO BENEFICIARIO DO PROGRAMA, O CAL TERÁ QUE PRESENTAR OBRIGATORIAMENTE O DÍA DA RECEPCIÓN/ ENTRADA NA ENTIDADE ASIGNADA. POR MOTIVOS DE ORGANIZACIÓN, DITO BONO TERÁ QUE SER RECOLLIDO NO SERVIZO DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO. AS PERSOAS BENEFICIARIAS REALIZARÁN OS DESPRAZAMENTOS ÁS ENTIDADES TERMAIS, ASÍ COMO O REGRESO ÓS SEUS DOMICILIOS, POLOS SEUS PROPIOS MEDIOS.

#### **NOTA INFORMATIVA- PROTECCIÓN DE ACCESO A DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, se lle informa que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade de xestión deste procedemento, podendo ser utilizados para facerlles chegar calquera información relativa aos distintos proxectos o eventos levado a cabo pola Excm. Deputación provincial de Lugo o seus órganos dependentes. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previsto na Lei dirixindo un escrito a Deputación Provincial de Lugo, ao Servizo de Relacións Institucionais. Autorízase a cesión a entidade que teña a condición de “entidade directora” e por esta á que efectivamente preste os servizos aos beneficiarios das prazas ofertadas neste programa, consonte co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a cesión dos datos de carácter persoal recollidos nesta solicitude.

**ANEXO III****DECLARACIÓN RESPONSABLE LUGAR DE RESIDENCIA**

D./Dna. .... co DNI nº  
..... DECLARO que estou empadroado no Concello de  
....., da provincia de Lugo, e polo tanto, cumpro o requisito de residencia  
esixido para participar no programa da Deputación de Lugo, "Termalismo no Camiño", para o ano 2014.

En, .....a.....de..... de 2015

Asdo. D/Dna.....

**ANEXO IV****DECLARACIÓNS RESPONSABLES DA ENTIDADE SOLICITANTE**

D./D<sup>a</sup>..... con  
 .....  
 DNI.....na miña condición de representante da  
 entidade .....  
 con CIF.....

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

1. Que todos os datos que figuran na solicitude, nos seus anexos, na memoria técnica e demais documentación son certos.
2. Que coñece e admite as condicións das bases da convocatoria e os requisitos esixidos na mesma.
3. Que a entidade que represento cumpre con todos os requisitos e obrigas da convocatoria e non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003 de novembro, xeral de subvencións.
4. Que a entidade que represento cumpre o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e na normativa que a desenvolve.
5. Que a entidade que represento non ten pendente de xustificación subvencións anteriores coa Excma. Deputación Provincial de Lugo.

En , de de 2015

(selo e sinatura do representante legal da entidade)

**ANEXO V****DECLARACIÓNS RESPONSABLES DO SOLICITANTE DA AXUDA**

D./D<sup>a</sup>.....  
..... con  
DNI..... na miña condición de solicitante/  
acompañante das subvencións do Programa “Termalismo no Camiño” **DECLARO**  
baixo xuramento e a miña responsabilidade:

1. Que todos os datos que figuran na solicitude e nos seus anexos son certos.
2. Que coñece e admite as condicións das bases da convocatoria e os requisitos esixidos na mesma
3. Que cumpro con todos os requisitos e obrigas da convocatoria e non me atopo incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións.
4. Que non teño pendente de xustificación subvencións anteriores coa Excm. Deputación Provincial de Lugo.
5. Que non teño solicitado e/ou percibido axuda doutras administración públicas para o programa de “Termalismo no camiño” da Deputación de Lugo.
6. Que estou ao día das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa facenda autonómica, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Deputación Provincial de Lugo.

En \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2015

(Sinatura do solicitante ou persoa que o representa)

**ANEXO VI****RENUNCIA A PRAZA “TERMALISMO NO CAMIÑO 2015”**

D./Dna. \_\_\_\_\_  
CON DNI \_\_\_\_\_ TFNO. \_\_\_\_\_  
CON DOMICILIO EN: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

EXPOÑO OS SEGUINTES MOTIVOS:

SOLICITO A RENUNCIA Á PRAZA QUE ME FOI CONCEDIDA NO PROGRAMA  
“TERMALISMO NO CAMIÑO 2015”

Lugo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2015  
Asdo.

\* Esta renuncia poderá acompañarse de cantos documentos se precisen para a súa correcta xustificación.

## GOBERNO DE ESPAÑA

### SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN LUGO. SECRETARÍA XERAL

#### *Anuncio*

De conformidad con el art. 59.5 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, de 26 de noviembre de 1992 (BOE de 27/11/92), modificada por la Ley 4/1999 (BOE de 14/01/92) se hacen públicas los **acuerdos de iniciación** recaídos en los expedientes sancionadores que se indican, y acordados por esta Subdelegación del Gobierno a los interesados que a continuación se relacionan, ya que, habiéndose intentado la notificación de los mismos en el último domicilio conocido, ésta no ha podido ser practicada.

Los correspondientes expedientes figuran a disposición de los interesados para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en la Sección de Infracciones Administrativas, de la Subdelegación del Gobierno en Lugo, al considerarse de aplicación al art. 61 de la citada Ley.

Contra dichos acuerdos de iniciación podrán formular alegaciones y aportar las pruebas que estimen pertinentes en defensa de sus derechos, dentro del **plazo de quince días**, contados desde el día siguiente a la publicación del presente edicto en el B.O.P. de la provincia. Al propio tiempo se advierte que transcurrido dicho plazo, seguirán los expedientes su trámite ordinario pudiendo ser considerados los acuerdos de iniciación como propuestas de resolución, en el caso de que no se hayan efectuado alegaciones.

EXPEDIENTE	INFRACTOR	DIRECCION_ INFRACTOR	INFRACTOR_ MUNICIPIO	INFRACTOR_ PROVINCIA	FASE	LEGISLACION
92/2015	JORGE RODRIGUEZ GOMEZ	Calle FABREGADA 91 3º 4	Hospitalet de Llobregat (L')	Barcelona	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1
208/2015	EMILIO JOSÉ FERNÁNDEZ JOVEN	Calle PEÑA OUBIÑA (CASA) 7	Cambre	A Coruña	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1
209/2015	DIEGO LOPEZ GONZALEZ	Plaza CASTIÑEIRO 7 1º A	Lugo	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1
213/2015	JORGE VAZQUEZ VIÑA	Calle AGRO DA TORNA 14 2º C	Lugo	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1
270/2015	MOISES ARES BAUTISTA	Calle COSTA DO CASTRO 2 2º D	Foz	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1
214/2015	ALEJANDRO LOUREIRO VILELA	Calle CASTELAO 40	Sarria	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1
211/2015	MOHAMED KORCHI	Calle ARMANDO DURÁN 60 SO	Lugo	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1
191/2015	CHRISTOPHER GARCIA SILVEN	Lugar CAMPO DO CRISTO - GOIRIZ 28	Vilalba	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1
266/2015	CRISTIAN MARCOS CAMPA TOMAS	Calle RIO NAVIA 58 3º B	Lugo	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 23.a)



186/2015	ADILSON DIAS SANCHES DE BRITO	Calle CONCEPCIÓN ARENAL 34 4º B	Burela	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1
253/2015	ANGEL MORENO RODRIGUEZ	Calle SAN EUFRASIO 1 BJ	Lugo	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 23.a)
182/2015	JONNY RODRIGUEZ MENDEZ	Lugar VALDO COUTO 1	Paradela	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1
238/2015	JAOUAD QUEBRET	Calle CAMIÑO REAL 104 3º	Lugo	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 23.a), 25.1)
190/2015	JULIO CESAR VAZQUEZ DIAZ	Lugar CANEDO 11	Pobra do Brollón (A)	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1
163/2015	ANTONIO LOPEZ RIVERA	Plaza SANTO CRISTO 8 BJ DC	Ourense	Ourense	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1
245/2015	ISMAEL AUGUSTO DOS SANTOS	Calle HONESTO BATALON 14-16 3 L	Gijón	Asturias	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 23.a)
219/2015	MIGUEL GONZALEZ VAZ	Calle AS TEIXUGUEIRAS 29 2º A	Vigo	Pontevedra	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1
150/2015	ROBERTO SUAREZ GONZALEZ	Lugar SOUTO-TOMIÑO 4	Tomiño	Pontevedra	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1

EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, Ramón Carballo Páez

R. 1121

### Anuncio

De conformidad con el art. 59.5 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, modificada por la Ley 4/1999, se hacen públicas las **resoluciones** recaídas en los expedientes de justiprecio que se indican, acordadas por este Jurado Provincial de Expropiación que a continuación se relacionan, ya que, habiéndose intentado la notificación de las mismas a sus destinatarios, en el último domicilio conocido, ésta no ha podido ser practicada.

Los correspondientes expedientes con sus valoraciones, figuran a disposición de los interesados para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en la Secretaría del Jurado Provincial de Expropiación, en la Subdelegación del Gobierno en Lugo.

Se significa que contra dichas resoluciones que agotan la vía administrativa, puede interponerse potestativamente, recurso de reposición, ante este Jurado Provincial, en el plazo de un mes, a contar desde el día siguiente a la publicación de los presentes actos en el B.O.P. Para el caso de que no se hiciera uso de este derecho, puede interponerse en el plazo de dos meses, a contar desde el día siguiente a dicha publicación en el B.O.P., recurso contencioso-administrativo ante la Sala de esta Jurisdicción del Tribunal Superior de Justicia de Galicia en A Coruña. Todo ello de conformidad con los arts. 116 y 117 de la citada Ley 30/ 1992 y arts 8.3-2º párrafo, 10 y 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, BOE del 14 de julio, sin perjuicio de cualquier otro recurso que estime pertinente interponer. Asimismo se significa que, en cuanto al contenido de la presente publicación, se tiene en consideración lo previsto en el art. 61 de la Ley 30/ 1992.

Nº Expte.	Clave-obra	Administración Expropiante/Beneficiaria	Domicilio Titular	Finca	Titular Expropiado	Acuerdo
208/2014		AREA DE INDUSTRIA Y ENERGIA DE LA SUBDELEGACIÓN DEL GOBIERNO EN A CORUÑA	Lugar CELEIRO TORRE, nº 1CP:27850, Viveiro (Lugo)	Finca nº: LU-XO-206	JACINTA LOPEZ BERMUDEZ	Resolución de justiprecio

Lugo, 24 de marzo de 2015.- EL SECRETARIO DEL JURADO, LUIS A. TORRES DÍAZ

R. 1122

## CONCELLOS

### BARREIROS

#### *Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 11 de marzo de 2015, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 6º bimestre do exercicio 2014, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 12 de marzo ata o 12 de abril de 2015.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 12 de marzo do 2015.- O alcalde, Jose Alfonso Fuente Parga

R. 1123

## FOLGOSO DO COUREL

#### *Anuncio*

Por acordo do Pleno desta entidade en sesión ordinaria de data 27-02-2015, aprobouse a denominación da vía pública que vai da rúa San Xoán dirección a Esperante co nome Rúa de Esperante, abríndose un período de información pública de vinte días a partir da publicación do presente anuncio no BOP, se non se producen alegacións nin reclamacións entenderase definitivamente aprobado.

Folgoso do Courel, a 5 de marzo de 2015.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa

R. 1124

## LUGO

#### *Anuncio*

### NOTIFICACIÓN EDICTAL DE RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 y 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común (BOE, de 27 de Novembro de 1992), faise pública notificación da resolución dos expedientes sancionadores que se indican, instruídos por este

Concello, ás persoas ou entidades denunciadas que a continuación se relacionan, xa que intentada a notificación no último enderezo coñecido, ésta non se puido practicar.

Contra a resolución que se trata, pode interpor recurso de reposición ante o Ilmo SR. Alcalde, no prazo dun mes o recurso contencioso-administrativo perante o Xuzgado do contencioso-Administrativo Provincial, no prazo de dous meses.

Poderá utilizar calquer outro recurso que estime oportuno.

No suposto de recurrir en reposición, o recurso contencioso-Administrativo non se poderá interpor hasta que se resolvese expresamente o de reposición ou se produza a desestimación presunta do mesmo (arts.89,108,109,110,116 e 117 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999 e art. 46 da Lei de Xurisdicción Contencioso-Administrativa).

As multas abonaranse dentro dos quince días hábiles seguintes ó da presente publicación, xa que, de non facelo procederase á súa reclamación por vía de constrinximento, co recargo do 20% , xuros de demora e as costas que se ocasionen.

Os correspondentes expedientes están na Unidade de Sancións da Policía Local de Lugo, Rúa Rio Neira nº 27 Baixo Lugo.

Lugar e forma de pago: en calquera sucursal da rede de oficinas //Abanca mediante carta de pago que pode obter na Oficina de Recadación do Concello de Lugo sita na Rda da Muralla nº7-8 Bx de Lugo. (Tel:982284971, e-mail:recadacion.executiva@canaltributos.com) en horario de Luns a Xoves de 08:30 h a 18 h, venres de 08:30 h a 14:30 h; ou con tarxeta de crédito en dita oficina de Recadación.

Lugo a 16 de marzo de 2015.- O ALCALDE, José Clemente López Orozco

Expediente	Matrícula	Nif	Nome	Municipio	Data/Hora	Art/Lei	Puntos	Importe
2014-A-0001533	PO3967AU	33536874E	LOPEZ ARES EMILIO JOSE	LUGO	12/04/14/22:45	3/CIR	6	500
2014-A-0001605	C3866BVL	34278480Q	RODRIGUEZ FERREIRO PABLO	LUGO	30/03/14/05:10	146/CIR	4	200
2014-A-0002598	M5794WZ	33552489C	VAZQUEZ SUAREZ CRISTINA	LUGO	18/06/14/20:15	65/CIR	4	200

R. 1125

## MONFORTE DE LEMOS

### Anuncio

Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de marzo de 2015, foron aprobados os Pregos de Cláusulas Administrativas (PCAP) e Técnicas particulares que rexeran na seguinte licitación:

1. **ENTIDADE ADXUDICADORA**
  - a. Organismo: Concello de Monforte de Lemos.
  - b. Dependencia tramitadora: Secretaría-Servizo de Contratación.
  - c. Número de expediente: (EXP.015-CON15)
2. **OBXECTO DO CONTRATO**
  - a. Descrición do obxecto: UTILIZACIÓN PRIVATIVA A MEDIO DE CONCESIÓN DEMANIAL DOS POSTOS Nº 4 E Nº 8 DA PRAZA DE ABASTOS.
  - b. Prazo de duración: 5 anos
  - c. Admisibilidade de prórrogas: Sí, ata un máximo de 10 anos.
3. **TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN**
  - a. Tramitación: Ordinaria.
  - b. Procedemento: Aberto.
4. **CANON BASE DE LICITACIÓN**
  - a. Posto nº 4.- 667,80.-€ (IVE exento) .
  - b. Posto nº 8.- 791,70.-€ (IVE exento).
5. **GARANTÍA DEFINITIVA**
  - a. Subscrición polo licitador dun contrato de seguros que cubra a responsabilidade locativa, así como a Responsabilidade Civil que cubra as continxencias que podan sufrir os usuarios da actividade por un importe non inferior a 300.000,00.-euros.
6. **OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN**
  - a. Perfil do contratante: www.monfortedelemos.es
  - b. Entidade: Concello de Monforte de Lemos.
  - c. Enderezo: Campo de San Antonio, s/n -27400-Monforte de Lemos (Lugo).
  - d. Teléfono: 982.402.501 (Exts. 261-262).

**7. CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA**

- a. Clasificación.- non se esixe.
- b. Solvencia técnico-económica.- a través dos medios previstos na cláusula 11.5 do PCAP.

**8. PRESENTACIÓN DAS OFERTAS**

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos (Campo de San Antonio s/n, CP. 27400 Monforte de Lemos-Lugo), en horas de 9 a 14, dentro do prazo de 30 DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia. Se o último día de prazo fora inhábil ou sábado, este entenderase prorrogado ó primeiro día hábil seguinte.

A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (982.10.27.12), telex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fora do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

**9. APERTURA DE OFERTAS**

- a. No perfil do contratante da páxina web municipal publicarase o lugar e a data e hora de apertura das ofertas.

**10. CRITERIO BASE PARA A ADXUDICACIÓN**

- a. Maior canon ofertado.....ata 50 puntos.
- b. Memoria descritiva das actividades a desenvolver.....ata 50 puntos.

**11. GASTOS DE ANUNCIOS**

- a. Serán pola conta do licitador que resulte concesionario.

Monforte de Lemos, 6 de marzo de 2015.- O Alcalde, Severino Rodríguez Díaz.

R. 1126

---

**Anuncio**

Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de marzo de 2015, foron aprobados os Pregos de Cláusulas Administrativas (PCAP) e Técnicas particulares que rexeran na seguinte licitación:

**1. ENTIDADE ADXUDICADORA**

- a. Organismo: Concello de Monforte de Lemos.
- b. Dependencia tramitadora: Secretaría-Servizo de Contratación.
- c. Número de expediente: (EXP.013-XSP15)

**2. OBXECTO DO CONTRATO**

- a. Descrición do obxecto: Explotación do Centro Verde (Punto Limpo Industrial) e do Punto Limpo do Concello de Monforte de Lemos.
- b. Prazo de duración: 2 anos
- c. Admisibilidade de prórrogas: Sí, ata un máximo de 4 anos.

**3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN**

- a. Tramitación: Ordinaria.
- b. Procedemento: Aberto.

**4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN**

- a. Orzamento: 26.148,74.-€/ano (IVE excluído).
- b. 2.905,41.-€ (IVE 10%).
- c. 29.054,15.-€ (IVE engadido).

**5. GARANTÍA DEFINITIVA**

- a. Contía: 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE

**6. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN**

- a. Perfil do contratante: [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)
- b. Entidade: Concello de Monforte de Lemos.

- c. Enderezo: Campo de San Antonio, s/n -27400-Monforte de Lemos (Lugo).
- d. Teléfono: 982.402.501 (Exts. 261-262).

## 7. CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA

- a. Clasificación.- non se esixe.
- b. Solvencia técnico-económica.- a través dos medios previstos na cláusula 4.2 do PCAP.

## 8. PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeneral de Entrada do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de Santo Antonio s/n, na localidade de Monforte de Lemos, CP. 27400 (LUGO), en horario de 9.00 a 14.00 horas, dentro dos **20 DÍAS NATURAIS** seguintes a aquel en que apareza o anuncio de licitación publicado no BOP. Se o último día de prazo finaliza en sábado ou festivo entenderase prorrogado ao inmediato hábil seguinte.

Cando as proposicións se envíen por correo, o interesado deberá xustificar a data e hora de imposición do envío da oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación, dentro da data e hora establecidos como prazo de presentación, a remisión da oferta mediante Fax (núm. 982.10.27.12) ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

## 9. APERTURA DE OFERTAS

- a. No perfil do contratante da páxina web municipal publicarase o lugar e a data e hora de apertura das ofertas.

## 10. CRITERIO BASE PARA A ADXUDICACIÓN

- a. Oferta económica ata 50 puntos co seguinte desglose.-
  - i. Mellor prezo ofertado para a explotación do servizo.....ata 40 puntos.
  - ii. Mellor importe mínimo por descarga.....ata 10 puntos.
- b. Proposta de explotación do servizo..... ata 20 puntos.
- c. Melloras ata 30 puntos co seguinte desglose.-
  - i. Instalación colectores aceite vexetal usado.....ata 20 puntos.
  - ii. Instalación de alarmas.....ata 5 puntos.
  - iii. Outras mellora sen custo para o Concello (cláusula 15.3.3 do PCAP).....ata 5 puntos.

## 11. GASTOS DE ANUNCIOS

- a. Serán pola conta do licitador que resulte adxudicatario ata o límite máximo de 600,00.-€.

Monforte de Lemos, 6 de marzo de 2015.- O Alcalde, Severino Rodríguez Díaz.

R. 1132

## PARADELA

### *Anuncio*

Téndose publicado o anuncio de información pública por prazo de 30 días, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 030, de 6 de febreiro de 2015, sen que durante o devandito prazo se tivera formulado ningunha reclamación ou suxestión, do acordo ata entón provisional adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 28 de xaneiro de 2015 da ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS MENORES, consorte ao preceptuado nos artigos 49 e 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público o texto íntegro da ordenanza, que entrará en vigor e será de aplicación dende o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdicción.

## ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS MENORES

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A intervención no ámbito urbanístico da Administración municipal, na actividade dos particulares, veuse realizando tradicionalmente mediante a verificación previa da súa adecuación á ordenación urbanística e

normativa sectorial vixente na materia, o que dá lugar á conseguinte concesión de licenza urbanística, regulada no artigo 194 e seguintes da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A licenza urbanística é unha autorización municipal de carácter regrado que, sen prexuízo de terceiros, permite a execución de obras e a implantación de usos que os instrumentos urbanísticos teñan previsto.

Esta técnica de intervención administrativa baséase no control previo á execución de actos de edificación e uso do solo, para garantir a adecuación e sometemento á legalidade e ao planeamento urbanístico.

Fronte a este marco legal, estase producindo unha transformación que se inicia coa Directiva 2006/123/CE, do Parlamento europeo e do Consello, aprobada con data 12 de decembro, de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, mediante a cal se pretende fixar o obxectivo de alcanzar un auténtico mercado único de servizos na Unión Europea, a través da eliminación de barreiras legais e cargas administrativas, de forma que desapareza normativa innecesaria e inxustificada que actualmente limita o desenvolvemento de actividades de servizos. O Estado español traspuxo a citada Directiva coa aprobación da Lei 17/2009, de 23 de novembro, que regula o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, norma que supón un novo marco de referencia.

Para alcanzar os principios plasmados na anterior lei, foi necesario reformar o marco regulador, dando lugar á aprobación da Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Mediante esta lei, son introducidas diversas reformas da lexislación estatal, dentro das cales se encontran as novas fórmulas de intervención na actividade dos cidadáns, como son a comunicación previa e a declaración responsable que aparecen na nova redacción dada ao artigo 84 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local; así como no artigo 71-bis, que modifica a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Máis recentemente, a lexislación autonómica, a través da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, vén a introducir, na disposición adicional décimo quinta, un novo punto 5-bis ao artigo 195, da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medido rural de Galicia coa seguinte redacción: Sen prexuízo do establecido no punto anterior, os concellos poderán establecer procedementos abreviados de obtención de licenzas de obras menores no mesmo momento da solicitude.

Pola súa parte, a Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, estableceu a inesixibilidade de licenza ou autorización previa para a realización das obras ligadas ao acondicionamento dos locais para desempeñar as actividades comerciais previstas no seu artigo 2 (actividades comerciais polo miúdo e á prestación de determinados servizos previstos no anexo desta lei, realizados a través de establecementos permanentes, situados en calquera parte do territorio nacional e cuxa superficie útil de exposición e venda ao público non sexa superior a 300 metros cadrados) cando non requiran da redacción dun proxecto de obra de conformidade coa Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación. Se ben, exceptúa deste réxime as obras de edificación que fosen precisas conforme ao ordenamento vixente, as cales se seguirán regulando en canto á esixencia de licenza previa, requisitos xerais e competencia para o seu outorgamento pola súa normativa correspondente.

Esta técnica de intervención configúrase na Lei 12/2012 como un procedemento non dispoñible para os municipios, de forma que así, de conformidade con canto se establece polo seu artigo 3.1: Para o inicio e o desenvolvemento das actividades comerciais e servizos definidos no artigo anterior, non poderá ser esixida, por parte das administracións ou entidades do sector público, a obtención de licenza previa de instalacións, funcionamento ou de actividade, nin outras de clase similar ou análoga. Dispoñendo o apartado 3.º, do mesmo artigo, que: Non será esixible licenza ou autorización previa para a realización das obras ligadas ao acondicionamento dos locais para desempeñar a actividade comercial cando non se requira a presentación de proxectos. Prescindir, polo tanto, nestes casos do procedemento de declaración responsable con control posterior podería viciar de nulidade de pleno dereito os actos concesión de licenzas como actos administrativos de control previo –preámbulo da Lei 12/2012, parte I, penúltimo parágrafo-.

Por outra parte, no ámbito urbanístico establécese tradicionalmente a distinción entre as denominadas obras maiores e menores, definindo como menores aquelas obras que se caracterizan pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade construtiva e económica, tal e como queda recollido no artigo 195.3, da Lei 9/2002.

A análise continuada dos procedementos administrativos que se seguen ante a administración urbanística municipal en orde á concesión de licenzas para obras cualificadas como menores, pon de manifesto que é posible establecer unha diferenciación entre estas, xa que hai algunhas que, pola súa sinxeleza especial e simplicidade, non requiren o mantemento dun réxime de autorización previa e outras que, pese a ser sinxelas, requiren, non obstante, unha comprobación ou autorización previa, a adopción dalgunhas cautelas ou a imposición de condicións determinadas con carácter previo.

Por este motivo, elaborouse a presente ordenanza, na que se recolle unha relación de obras menores recollidas no seu artigo 2; caracterizadas pola súa especial sinxeleza e simplicidade, nas que as comprobacións previas non teñen incidencia sobre o seu contido e para as cales se pretende establecer un procedemento abreviado, o que facilita e axiliza tanto os actos de intervención municipal, como a propia iniciativa dos cidadáns, simplificándose a tramitación a través do sistema de declaración responsable.

Foron excluídas, deste réxime de declaración responsable, aquelas obras que aínda sendo de escasa entidade afecten a edificios catalogados no planeamento municipal ou que se sitúen no seu contorno de protección, aquelas que requiran autorización ou informe doutras administracións, salvo que a autorización se achegue coa

declaración responsable, así mesmo, son excluídas as que supoñan un uso privativo de dominio público e as que precisen da excepción das condicións de habitabilidade.

A presente ordenanza pretende sinxeleza e simplicidade, sen perder eficacia; para iso organízase a través de sete artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

Para concluír, é necesario recalcar que o principio inspirador desta ordenanza vén marcado polo interese xeral que supón a eliminación de obstáculos e reducir trabas inxustificadas, facilitando e simplificando os procedementos daquelas obras menores que, pola súa simplicidade e sinxeleza, poden ser declaradas responsablemente ante a Administración municipal, sendo innecesaria a súa verificación previa e autorización.

### **Artigo 1.- Obxecto**

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do procedemento, realizado por escrito ante este concello, para acometer a realización de determinadas obras de escasa entidade construtiva, sinxeleza técnica e económica; para as cales non é preciso presentar proxecto técnico e que se someterán, unicamente, ao deber de declaración responsable por parte do interesado; todo iso, sen prexuízo das posteriores actuacións de intervención e verificación municipal.

### **Artigo 2.- Ámbito de aplicación**

O procedemento que regula a presente ordenanza seralles de aplicación, salvo as exclusións do artigo 3, a aquelas obras e instalacións caracterizadas pola súa escasa entidade construtiva e económica e pola súa sinxeleza técnica, que non precisen proxecto técnico, de conformidade coa Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación e a aquelas outras ligadas á implantación de actividades comerciais e de servizos sometidas, en canto á súa apertura, ao réxime de declaración responsable na correspondente ordenanza municipal, así como aos supostos regulados pola normativa urbanística autonómica.

Concretamente inclúense as seguintes actuacións:

1. Obras de conservación e mantemento das edificacións, sempre que estas non supoñan, en ningún caso, aumento do volume e non traian consigo a modificación de ningún elemento estrutural nin modificación de fachada ou afección a elementos catalogados ou en trámite de catalogación que afecten a solo rústico.

Inclúense as seguintes obras:

- a) Obras de limpeza e pintura interior dos edificios ou patios
- b) Reparación puntual de cubertas e azoteas e aquelas consistentes na reparación de problemas de humidades, filtracións, etc. sempre e cando non afecten a elementos estruturais.
- c) Pintura e acabados de fachadas ou medianeiras, así como a reparación de paramentos e/ou a substitución de elementos danados de fachadas (varandas, molduras e similares).
- d) Reparación ou substitución de carpintería exterior da mesma dimensión, sen modificar os ocos, así como a colocación de reixas e toldos en fachadas.
- e) Reparación de tubaxe de instalacións, desaugues e cloacas no interior do edificio

2. Obras de mera reforma no interior de edificios, construcións e instalacións de uso residencial que non incidan na estrutura nin na fachada deste, que teñan por obxecto o acondicionamento e conservación de elementos comúns e/ou privativos, que non modifiquen o uso nin o volume existente, que non encerren perigo nos traballos e que non se requira acreditar cumprir determinacións da normativa en vigor de obrigado cumprimento, nin modifiquen as condicións de habitabilidade, accesibilidade, salubridade e de seguridade (de utilización, contra incendios, etc.). Están incluídas, en xeral, as seguintes obras:

- a) Reforma, reparación, renovación ou modificación de revestimentos
- b) Cambio ou substitución de carpintería interior e de aparatos sanitarios
- c) Reparación, renovación ou modificación parcial das instalacións interiores
- d) Obras que impliquen pequenos cambios puntuais na distribución interior

3. En edificios ou locais, con uso terciario comercial ou de oficinas, poderanse levar a cabo as obras sinaladas no apartado 2 anterior, sempre que:

- Non se pretenda realizar un cambio de uso
- Non inclúan a instalación de equipos ou de instalacións especiais que necesiten medidas correctoras (necesarias para desenvolver o uso permitido).
- Non modifiquen as condicións de normativa de obrigado cumprimento que lle sexa de aplicación (de seguridade de utilización, contra incendios, accesibilidade, ruído, etc.).

4. Limpeza e roza de solares, sempre que non alteren a rasante natural do terreo

5. As actuacións provisionais de sondaxe e prospeccións en terreos de dominio privado e estudos xeotécnicos.

6. Axardinamento, pavimentación, soleiras de patios, beirarrúas perimetrais, en terreos de dominio privado, e sempre que non afecte a ningún servizo ou instalación pública nin a condutos xerais nin se altere a rasante natural do terreo.

7. Execución e reparación das seguintes actuacións:

- Construción e reforma de valos e cerramentos de parcela en solo urbano e en núcleo rural cando non se afecten a cerramentos tradicionais.

- Construción de terrazas exteriores sobre soleira (non cubertas con elementos permanentes e que no afecten a elementos de dominio público).

- Casetas para botellas de gas e depósitos de GLP

- Execución de pozos filtrantes

- Reparación de cubertas, impermeabilización e substitución de pezas de cobertura

- Reparación e/ou substitución de elementos e instalacións comúns do edificio (ascensores, caldeiras, equipos de bombeo, escaleiras, portais, porteiros automáticos, etc.) sen afección estrutural.

### **Artigo 3.- Exclusiones**

Quedan excluídas do ámbito de aplicación da presente ordenanza aquelas actuacións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

1. Obras que requiran proxecto técnico segundo a Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, entre outras, as obras de edificación de nova construción, de ampliación, modificación, reforma ou rehabilitación; así como as obras que teñan o carácter de intervención total en edificios, elementos ou espazos catalogados ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico artístico e aquelas outras de carácter parcial que afecten os elementos ou partes obxecto de protección.

2. Que para a actuación pretendida sexa preceptiva a autorización doutras administracións.

3. Que a actuación revista unha complexidade especial, que requira unha análise detida para a súa correcta valoración ou que o planeamento esixa documentación adicional á recollida nesta ordenanza.

4. As actuacións parciais dunha intervención xeral dun edificio ou local, suxeitas a licenza e ao planeamento vixente.

5. Actuacións en edificacións ou instalacións situadas en terreo clasificado como rústico, calquera que sexa a categoría á que pertencen.

6. Obras privadas que se pretendan desenvolver en espazo libre público

7. No caso de que o inmovible no que se pretendan executar as obras estea sometido ao réxime de Edificacións en situación de fóra de ordenación, só poderá formular declaración responsable quen posúa a súa titularidade. A formulación da Declaración responsable, para a execución de obras neses inmovibles, implica que quen a formula renuncia de forma expresa ao incremento que, respecto o valor de expropiación do inmovible, poida representar a execución das ditas obras.

8. Actuacións que teñan por finalidade o cambio do uso global dun edificio ou de parte deste ou a modificación do número de vivendas ou locais.

9. Inmovible catalogado ou en trámite de catalogación

10. Segregación de terreos en solo rústico

11. O uso utilización do dominio público mediante conducións, valos, contedores, estadas, etc. con motivo da execución de obras sometidas ao réxime de declaración responsable.

### **Artigo 4.- Documentación para aportar**

